



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS/PAIS/TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024*, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (*DOG do 18 de setembro*), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme á normativa vixente, corresponde elixir no presente proceso electoral a 1 **pai/nai/titor legal**, dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar. Un representante continúa como consecuencia da súa elección anterior e outro é proposto pola ANPA.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do 29 de outubro estará a disposición na Secretaría do IES. As reclamacións referidas ao censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 8 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Instituto. As **candidaturas poderán ser presentadas desde o día 30 de outubro ata as 14:00 horas do día 11 de novembro**.
4. A elección producirase entre os candidatos admitidos e proclamados como tales pola Xunta Electoral. Para este efecto constituirase unha mesa electoral integrada pola directora do Centro, que actuará como presidenta, e catro pais/nais/titores/as legais, designados por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario/a o de menor idade. O sorteo dos membros da mesa realizarase en acto público, o día **12 de novembro, ás 10:25 horas**.
5. A **campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 17 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola sinatura de dez electores/as.
7. As votacións realizaranse no IES o **día 19 de novembro, de 18:10 a 20:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás **18:00 horas**.
8. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de 1 **nome** de entre as candidaturas presentadas, debendo acreditar a súa personalidade mediante a presentación do DNI ou outro documento acreditativo similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.
11. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Estrada, 29 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Beatriz Quintela Rúa

